



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
OITO DE XULLO DE 2015, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO-
URXENTE**

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día oito de xullo de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión EXTRAORDINARIA-URXENTE o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia, e despois de aprobar a urxencia por unanimidade dos asistentes, seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

PUNTO ÚNICO: Rogos e preguntas.

--Dona M^a. Beatriz Amenal do PSdG-PSOE formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Que o Sr. Costa, agora que deixa a Deputación, lle informe que obras quedan comprometidas e en que fase están.

2.- Con respecto á obra de ampliación de saneamento en San Fins, que vai conectar con Matelo xa existente, se existiu algún problema con esta obra.

3.- Na páxina web do concello hai unha nova sobre da reunión que mantiveron os Alcaldes de Vedra e Boqueixón, co Director Xeral de Emerxencias da Xunta de Galicia, don Luís Menor Pérez, para buscar solucións ao problema de emerxencias dos dous concellos. Que se avanzou nesta Xuntanza? Posto que é ben coñecido que na última emerxencia ocorrida no concello os veciños estiveron esperando unha hora e medida a que chegasen os bombeiros de A Estrada.



4.- No boletín informativo do mes de xullo recórdaselles aos veciños a obriga de manter limpas de maleza as parcelas situadas a menos de 50 metros do solo de núcleo rural, urbano, edificacións, vivendas illadas e urbanizacións, e que o seu incumprimento levará consigo a aplicación de multas. O seu grupo considera importante que ademais desta información xeral, se lle debe notificar directamente aos veciños afectados.

5º.- Hai unha antena de telefonía móbil pendente de poñer en funcionamento que vai dar servizo a unha ampla zona de San Xián, San Fins e San Andrés de Illobre, porque Fenosa di que hai un veciño que non deixa colocar os postes para dar alimentación eléctrica, e entendendo que hai máis dunha solución, roga se fagan as xestións oportunas para que os veciños vexan resolto canto antes este problema de cobertura que se arrastra dende hai tempo.

--Don Roberto Castro do BNG formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Roga que se acorde consenso en aprobar o plan de execución de reversión de 69.000 euros no incremento do investimento en servizos sociais e educación, que deriva do pleno do 18/03/2015, cando se aprobou a moción presentada polo BNG para que o incremento das taxas municipais acontecida nesa lexislatura 2011-2015 revertera no incremento nos investimentos de servizos sociais e educación.

O BNG-Asembleas Abertas como promotor desta moción, daquela aprobada co apoio do grupo de goberno, pídelle ao grupo local que presente un plan de execución desta moción, limitado á finalidade: servizos sociais e educación, e que debe redundar en comedores escolares, gardería, ludoteca, escolas unitarias e asistencia no fogar, tendo en conta ademais que estamos en xuño e as aulas comezan en setembro.

Di ademais que cando o grupo de goberno apoiou esta moción gobernaba en minoría, e agora que ten maioría absoluta, dende o BNG son conscientes de que ten maior liberdade para actuar, pero que aínda así solicítanlle que lle presente unha proposta para acadar o consenso neste plan.

2.- Segundo os datos do Ministerio de Facenda, dirixido polo PP, e que están dispoñibles a consulta na dirección web: <http://praza.gal/recurso/1732consulta-a-debada-do-teu-concello/>, o importe da débeda do concello de Vedra no ano 2011 (ano no que o actual Alcalde chegou ao goberno) era de 768.000; cara o remate da súa lexislatura (ano 2014) esta débeda ascende ata 837.760 euros; é dicir, durante o mandato do actual Alcalde de Vedra a débeda do concello aumentou en 69.760 euros (case o 10% da que existía).

Comparativamente con outros concellos rurais da contorna, cara o remate da primeira lexislatura do actual alcalde, a débeda do concello de Vedra é máis de 200.000 euros superior á de Boqueixón, 800 e pico mil euros superior á de Touro, 800 e pico superior á de O Pino, e máis de 500 mil euros superior á de Vila de Cruces.

O BNG-Asembleas Abertas fai meses que publicou un conxunto de datos proporcionados polo INE e o Banco de España sobre Vedra, e que o Sr. Alcalde nese momento dixo que eran falsos e parciais porque o estudo incluía ata o 2013.

Eses datos reflicten o seguinte: que a débeda por habitante en Vedra, aumentou; que a presión fiscal de Vedra, aumentou; que o gasto público por habitante en Vedra, diminuíu, e que o investimento en servizos sociais, cultura e benestar social en Vedra, diminuiría.

Con todo no programa electoral do Partido Popular en Vedra non consta medida algunha que poida paliar este incremento de débeda; xa non digamos reducila. Por que?



Porque vostede tentou agachar a realidade dos datos, e así baseou a súa campaña electoral no suposto “éxito económico” da súa lexislatura; “éxito económico” que espallou por todos os medios, e que lle deu bos réditos electorais, efectivamente.

Agora a campaña electoral rematou e terá que afrontar a realidade; e cal foi o seu premio a ese “éxito económico”? A retirada das competencias de Economía e Facenda á concelleira da anterior lexislatura.

Así as cousas, cal é a “receita” que pode ofrecer agora este goberno para paliar a débeda, a parte das xa coñecidas de non investir en servizos, suba de taxas e impostos e a retirada das competencias á concelleira nesta materia durante este período?. Hai algunha outra medida inminente ademais da suba xeneralizada do IBI que imos atopar para este outono?

-- Don José Antonio Pose do BNG.

1.- No pasado mes de maio presentou no pleno unha pregunta sobre da conexión a internet no noso concello. Dado que internet hoxe é algo máis que entretemento, é unha ferramenta de traballo imprescindible para autónomos, empresas e particulares que necesitan dunha boa conexión, posto que a que hai é insuficiente. Daquela contestounos que estaban a traballar no tema.

Puxéronse en contacto coa operadora que presta o servizo no concello? Que foi o que se lle trasladou dende o concello?. Que foi o que lle respondeu?. Que solucións e prazos hai?

2.- Na anterior lexislatura xa se falou do tema da Casa da Irmandade de Santa Cruz. Di que o proceso non o entende moi ben, posto que existe unha poxa e o concello está a demorar ese tema para ver se a pode adquirir case regalada.

Pregunta se o concello tivo algunha iniciativa nese tema, sinalando que dende o BNG entenden que baixo ningunha escusa ese edificio pode pasar a mans privadas, máxime cando forma parte da memoria viva da parroquia de Santa Cruz de Ribadulla: foi cámara agraria do 1982-1983; foi utilizado como local da escola da banda de música e do grupo de música de baile tradicional da parroquia, e foi cedido para local de ensaio de moitos grupos de música rok, e pop de Santa Cruz de Ribadulla, sendo unha das cousas máis curiosas do edificio que sempre foi autónomo, autoxestionado, sen practicamente intervención do concello nin supervisión externa, é dicir, representa o mellor do asociacionismo, polo que rógalle encarecidamente non xogar con este tema, que tomen as medidas oportunas para que a propiedade do edificio non pase en ningún caso a mans privadas, ou ben poxen cun prezo xusto, e non esperen a levalo en 2.000 euros posto que ao mellor hai particulares interesados no mesmo, ou ben que os servizos xurídicos do concello indaguen sobre da existencia dunha solicitude cursada e aprobada polo propio concello nos anos 1996-1997 para ceder o local do edificio a grupos musicais, porque ao mellor permite reverter a poxa.

3.- Di que o concello está obrigado a colgar os audios dos plenos na páxina web, e que tanto os do ano 2014 coma os do 2015 non están, de feito tivo que vir copias para preparar a campaña electoral.

A Presidencia contéstalle que se trata dun problema de capacidade do servidor, sinalando o Sr. Pose que daquela cando lle contestou o mesmo xa lle dixera que o problema non era o tamaño, e que agora teñen un informático no equipo de goberno



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



para solucionalo, que a web 2.0 fai moito tempo que existe, e se non teñen o servidor virtual que o fagan.

De seguido formúlalle a seguinte proposta: colgalos antes de 20 días, de non ser así, farao el na páxina do BNG, que el ten un servidor virtual que lle custa 10 euros/mes.

A Presidencia di que non só se trata dos audios, que hai máis problemas que lle afectan aos distintos servizos municipais, e que dende logo espera colgalos antes de que o faga o Sr. Pose.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta minutos.